

Sobre a atención ás demandas das persoas usuarias e a eventual reconsideración por parte da Xunta de Galicia das modificacións nas rutas e frecuencias dos autobuses que conectan Vedra e Santiago de Compostela

- 23232 - 20824 (12/PRE-005897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o atraso da posta en servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Moraña

- 24076 - 21039 (12/PRE-005923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a xestión e as previsións de gasto da Xunta de Galicia en materia de dependencia

- 23412 - 21306 (12/PRE-005942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a intención de peche, por parte da súa entidade xestora, da Escola Infantil A Casiña, situada no barrio das Lagoas, en Ourense, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar as consecuencias

- 23098 - 21573 (12/PRE-005963)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia e as consecuentes medidas que pensa tomar ante o anunciado peche da Escola Infantil A Casiña, xestionada por Cáritas e situada no barrio ourensán das Lagoas

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 23 de abril de 2024, pola que se resolve o procedemento de provisión para a cobertura do posto de xefe/a do Servizo de Asistencia Parlamentaria

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 18 de febreiro de 2025 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/a do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

A convocatoria publicouse, o 3 de marzo de 2025, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia.

Concluído o procedemento, vista a proposta de resolución presentada polo letrado oficial maior, a Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Par-



lamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Nomear para o posto de xefe/a do Servizo de Asistencia Parlamentaria a María Rosa Buceta López.

2º. Comunicar a resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Publicar esta resolución no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web institucional.

4º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Mesa do Parlamento, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

